

Dos Arquivos do Trasnó

Dos Arquivos do Trasno

RAFAEL DIESTE

A Petapouca ●

Dos Arquivos do Trasnó Copyright © 2013

This book was produced using PressBooks.com, and PDF rendering was done by PrinceXML.

Contents

Introdución	1
1. Sobre da morte de Bieito	3
2. De como se condanou o Ramires	9
3. A volta	13
4. A luz en silencio	17
5. Historia dun xoguete	21
6. O Vello Moreno	25
7. O vagamundo	31
8. O vello que quería ve-lo tren	37
9. O neno suicida	41
10. Na morte de Estreliña	45
11. O grandor do mundo	49
12. Pampín	51
13. Espanto de nenos	53
14. Na ponte de ferro	57

15.	Nova York é noso	59
16.	O caso dos tres fornos	61
17.	Once mil novecentos vinteseis	65
18.	O drama do cabalo de axedrez	71
19.	Un conto de reis	77
20.	De como veu a Rianxo unha balea	85
	Rafael Dieste	91
	Dos arquivos do trasno	93

Introdución

A unidade emotiva conséguese no conto pola obsesión do que ten de sobrevivir.

O remate ha de te-la virtude de facer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafegada, pero latexando con forte resonancia en tódolos currunchos do relato.

O remate é unha imaxe que fai estoupa-lo conto nas verbas derradeiras, despois de inzalo poderosamente.

O conto é unha pelica na que se sente o pulso dunha imaxe contida.

O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz.

1. Sobre da morte de Bieito

Foi preto do camposanto cando eu sentín boligar dentro da caixa ó pobre Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). ¿Sentino ou foi aprensión miña? Entonces non podería aseguralo. ¡Foi un rebulir tan maino!... Como a teimosa puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoadado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto —comprendede, escoitade— polo tanto non podía, non debía dicir nada.

Imaxinade nun intre que eu dixese:

O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan extendendo a palma da man baixo o pingotear da cera, virían en remuíño arredor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un marmular sobrecolleito, insólito:

¡O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo!...

Calaría o lamento da nai e das irmás, e axiña tamén, descompasándose, a gravadosa marcha que planxía nos bronces da charanga. E eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

¡Ah! ¿E se entonces, ó ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro viraríase inconmensurable e macabro ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmás, tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sinistro e único na tarde estantía. ¿Comprendedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre en que pola face dun dos compañeiros de fúnebre carga pasou a insinuación leviá dun sobresalto, coma se el estivese a sentir tamén o velaíño boligar. Mais non foi máis que un lampo. De seguida ficou sereno. E non dixen nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ó da miña banda e, acobexando a pregunta nunha surrisa de retrouso, deslicei:

— ¿E se o Bieito fose vivo?



O outro riu picaramente coma quen di: «Qué ocorrencias temos», e eu amplifiquei adrede a miña falsa surrisa de retroso.

Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto, cando xa pousarámo-la caixa e o crego requeneaba.

«Cando o crego remate», pensei. Mais o crego acabou e a caixa deceu á cova sen que eu puidese dicir nada.

Cando o primeiro cadullo de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova nas táboas do ataúde, rubíronme ata a gorxa as verbas salvadoras... Estiveron a punto de xurdiren. Mais entónces acudiu novamente ó meu maxín a case seguranza do arrepiante ridículo, da rabia da familia defraudada, se o Bieito se topaba morto e ben morto. Ademais o dicilo tan tarde acrecía o absurdo desorbitadamente. ¿Como xustificar non o ter dito antes? ¡Xa sei, xa sei, sempre se pode un explicar! ¡Si, si, si, todo o que queirades! Pois ben... ¿e se tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais puidese adiviñarse por algún sinal? ¡Un crime, si, un crime o me ter calado! Oíde xa o rebumbio da xente...

— ¡Pediú auxilio e non llo deron, malpocado!...

— El sentía chorar, quíxose erguer, non puido...

— Morreu de espanto, saltoulle o corazón ó se sentir decer na cova...

— ¡Velaí o tendes, coa cara torta do esforzo!

— ¡E ese que o sabía, tan campante, aí a surrir coma un pallaso!

— ¿É parvo ou que?

Todo o día, meus amigos, andei tolo de remorsos. Vía ó pobre Bieito grafiñando as táboas nese espanto absoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade, dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adormiñados e longanos a obsesión do delito.

E alá pola alta noite —non o puiden evitar— funme camiño do camposanto, coa solapa subida, ó arrimo dos muros.

Ceguei. O cerco por unha banda era baixiño: unhas pedras mal postas, apreixadas por edras e silveiras. Paseino e fun dereito ó sitio... Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que oín xioume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí preto había un sacho... Ía xa cara a el cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e rumor de fala. Viña xente. Entonces si que sería absurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man.

¿Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa subida, pegándome ós muros. A lúa era chea e os cans latricaban lonxe.

2. De como se condanou o Ramires

O indiano agoniaba no seu leito, naquel leito en que o fonxe casulo, regalía dos pobres, fora substituído pola fina molura da lá ben castigada, en que os ferros, de novo esmaltados, lucían as máis ricas e fachendosas calcomanías.

Enriba da cabeceira non abría os seus brazos doridos aquel Cristo doutroura, ó que nos días malos se endereitaran tantos pregos e olladas suplicantes. No seu sitio campaba un retrato de Ferrer, retrincado de non se sabe qué boletín de Catamarca.

¡Vinte anos por aquelas terras! Por aquelas terras en que tanto aprendera... ¡Aqueles si que eran xornais! ¡Aqueles si que eran ideas!

De volta xa na aldea, discutira longamente coas persoas de máis escola e de máis repinicos de sabencia, e fixera calar a todos. Cando el, ó rir, deixaba ver aquel dente de ouro no que toda a súa ousadía herética escintilaba, a xente, por un intre, caía nese extraño respecto que sempre inspira o diaño. O crego, aquel velliño que xa tiña os latinorios esquecidos, acabara resignándose

a sorrir boamente, ó tempo que lle petaba no lombo e marmulaba: Este Ramires... Este Ramires...

Soamente o sancristán (este é un fondo segredo) conseguira inquerar ó Ramires. Aquel home longo, enloitado, de face ambigua e loira, sempre cun velaíño cheiro a incenso, cirios e osamentas, foi quen certou co dardo que ferise ó Ramires ben adentro, aínda que o pobre indiano, oíndoo, só mostrara, máis cortante, a herética sursisa do seu dente de ouro.

Na hora da morte —dixera o sancristán— moitos máis herexes e sabedores ca ti, finaron pódose a ben con Noso Señor. E cos seus ollos abuados parecía estar vendo as ruinosas entrañas do pobre Ramires.

¡Vinte anos por aquelas terras! ¡Vinte anos de reloxos traballos e circia vontade para desempeñar unhas leiras e traer unha morea de prata con que facer unha casa de balconetas! ¡Vinte anos, vinte! Se non arreo, con moi pequenas pausas —dúas... e dous nenos—, xa cando puido achegarse á súa terra con honra e sen débitos, e prometer á dona tornar axiña e para sempre. Non foi aínda tan axiña. ¡E veu despois tan enxoito e variado!... Nun primeiro intre case que non o coñecera o fillo mozo que xa andaba nas quintas e veu con permiso, ledo, marcial e falador, feito un home, a se mostrar ó pai. Veu e marchou... Non se viron máis.

Si, cando por fin tornara en firme a aquel sosego montesío, cheo de fontes e paxaros, traía xa consigo as insignias da morte. Por iso as verbas do sancristán foran para el espácigas, afiadas; tal, ó caer do sol, un ventiño frío na soedade sinistra dunha gándara.

O indiano agoniaba no seu leito. Por unha banda a muller e os pequerrechos. Pola outra o crego velliño con estola e roquete. Todos tiñan os ollos roxos de chorar. ¡O Ramires, o pobre Ramires, tan bo home e tan traballador, condanarase por non se confesar, por non facer unha cousa tan doada! ¡Que traballo lle

custaba morrer a ben con Noso Señor? A disputa era asañada na súa mansedume.

Ande, ande, non lle custa ningún traballo... Dea exemplo ós pequerrechos... Deixe tranquila á súa dona... Non atraia sobre esta aldea en que naceu a ira de Deus, do Noso Señorío. Ande, ande...

Non e non.

O Ramires era home que sabía manter ata o fin a súa idea. Día tiña de chegar no que a súa rebeldía fose venerada. A súa idea non sería nada se non saía ben daquela proba. Non e non. Que o deixasen morrer tranquilo. Que non amargurasen os seus intres derradeiros. Que o deixasen da-los seus consellos e dispo-las súas cousas con enteira liberdade. Unha apreta da súa dona, un beixo dos pequerrechos na súa fronte marcada coas insignias dos longos traballos que en Catamarca fixera por eles, e nada máis. Que o deixasen morrer coa inxeleza das pombas, e se non lles gustaba a comparanza, coa conformidade dos lobicáns.

E volta o crego coa súa prédica.

E outra vez a teima do moribundo, por intres con menos folgos.

E todos tífian os ollos roxos de chorar.

Do corredor chegaba maino marmular de mulleriñas que agardaban...

Dentro do van, polos currunchos ¿non había xente? Si, si, parece que había máis xente. ¿De onde saíra aquel tenro chorar dun meniño, axiña atafegado quizais pola nai? Alguén entrou: chiraron os polróns da porta embaixo. A boa hora... ¿En que curruncho do mundo cantou aquel galo? ¿Onde está ese galo? ¿Alí, de par do espello? O seu cacarexar vai devecendo, lonxe... Ai, si, que tolo, o galo non está alí, está lonxe, alá embaixo, no mellor galiñeiro da aldea, no galiñeiro do Ramires.

¿Que está aí a dicir?... ¡ Déixese diso agora! E ande, ande... Non lle custa ningún traballo.

¿O que, o que? Ai si, o se pór a ben con Deus.

Deus... témera face, longas barbas de pedra arrebatada. ¿Como enruga o entrecello nas sombras! ¿Perdóeme, perdóeme, eu son un neno! Esfarelouse. Pero non, non era Deus, era aquel frade a quen de neno oíra falar do inferno dende o púlpito petando con carraxe no barandal. Moitos cirios había aquel día acesos na igrexa. Daquela aínda miraba debaixo do leito antes de se deitar para ver se o diaño estaba alí agachado.

¿Ou! Hai caras roxas nos currunchos, caras que rin cos dentes afiados. Son as caras dos diaños que avesullan o intre derradeiro para levaren ós condenados. ¿Son moitos, grandes, pequeniños!... Xiran, xiran todo arredor, nun remuíño cada vez máis estreito. Un xa turra dos cobertores cunha cara de rillote chea de veneno.

Ande, ande... non lle custa ningún traballo o se pór a ben con Deus...

O Ramires vai ceder. Deble coma un picariño está xa a punto de bica-la man ó crego ruzo e bondoso, e procura o brazo da súa dona, cheo dun antigo medo infantil que, na cara dun home, fixo tremer a todos. Con grandes ollos percorría o aire.

Foi entón cando reparou nunha longa figura enloitada, enfesta a carón del, que parecía agardar algo. Nos ollos abuados do sancristán líanse aquelas verbas frías, afiadas. Na hora da morte moitos máis sabedores ca ti...

E de súpeto, aínda que o diaño do xesto rillote seguía a turrar polo cobertor, o indiano ergueu de novo a circia vontade herética:

— ¿Non, e non!

A cara do defunto ficou branca, dura, emproada.

Os pequerrechos bicaron medoñentos aquela fronte, na que estaban marcadas as insignias dos vinte anos en Catamarca.

3. A volta

Sentada a carón da lareira, onde un pequeno lume aínda se esforza en facerlle compañía, a vella Resenda ten fixo o pensamento en distantes lembranzas, e poida que nalgún presaxio que esa noite lle escorrentou o sono. Por veces bole un pouco, escoita, e de seguida volve ó seu enlevo...

Quedáralle Resenda porque o finado do seu home era o señor Resende, e tamén como un xeito de lle gardar respecto.

Aínda traballaba o vello cando o mozo lanzal, seu Andresiño, regalía da casa, fora en grea con outros, mordendo un caravel, a terras de Mouramia. Pouco souberan dicir del os outros. Si, vírano por alá. Mais, tende en conta... Alá non é coma aquí. Milleiros e milleiros de homes, unha romaxe tremendísima. Uns a iren para adiante, outros a esligar coa sede nun curuto, ou convoiando os bastimentos... ¿Quen fala de morte? Saberíase. E viña entón o tecer e destecer sospeitas, conxecturas: casos dos que se perden, de cativos, dos que andan en secretas encomendas. Con aqueles contos a ansiedade dos vellos entretíñase. Pero o tempo corría... En fin, deixouse de falar do asunto, e axiña o vello perdeu azos e aquel amor á terra que soergue ós labradores. Non durou moito. Un día sentiu frío e acochouse no leito con degoro dun

longo, infindo repouso, a face perdida en non se sabe que longano lubricán. Encamado estivo unha tempada, e sen ningún anxeio de falar. Un día chamou á compañeira a carón del, apreixoulle a man e, moi baixiño, marmulou: Non volve...

Aquela noite o vello finaba.

A vella Resenda quedou soa, soa. Pero no seu espírito unha verba única ergueuse para non ser máis derrubada. O vello agoniante dixera: Non volve. Ela, cunha seguranza feita de anxeios e presentimentos, dixo: ¡Volve! E agardou ó longo de moitas invernías...

Un andar mol, amortecido, vagariño polo sobrado.

Despois o portón da cociña abreuse un pouco, silandeiro e cauto. Pero de súpeto cerrouse e bateu con carraxe no marco de porpiaño.

Os soños da vella fuxiron. Con ollos alampados ergueu a testa e púxose a escoitar...

Todo cala na casa non sendo as pasadas moles, velaíñas.

— ¿Quen anda aí? — berrou. E a súa propia voz sen resposta encheuna de extrañeza.

Sentiuse soa por primeira vez, e como aglaiada, aínda máis que espavorecida, daquela soedade.

Entonces comenzou a chamar polo fillo coma se estivese alí adormiñado, coa mira de meter medo ó ladrón, mais tamén para se sentir menos desamparada:

— ¡Esperta larizán, que anda xente na casa! Colle ese machado para correr a ese lobicán que vén roubar ós pobres. Para unha codia que ha de topar no forno é capaz de me esganizar.

A voz ennovelóuselle. Alguén parecía agora empuxa-la porta dende fóra con esa lentitude solerte dos gatos ou do vento trampulleiro. Chirlaron de improviso os polróns, cun se laiar de preguiza importunada, e a porta quedou franca. Alí, detendo o paso, como para dar tempo á nai a serenarse, estaba, ergueito e

ledo, o fillo da vella Resenda. O resplandor do pequeno lume, que naquel intre se arrichou de súpeto, lampexou no seu rostro. Era o de sempre... Os dentes, mozos, mordían aínda o caravel.

Algunha mulleriña que pasou voando pola beira da casa, sentiu berrar á vella o nome do seu fillo. Outros din que a sentiron falar a deshora, e ata cantarexar mentres ía e viña.

Outros (tempo despois) que un esmoleiro de fóra, sospeitoso, estivera atismando por unha xaneliña da casa, dende enriba dun parral, para ver onde agachaba a vella unhas onzas de ouro que, segundo bouga corrida pola aldea, tiña costume de contar dicindo: — Gardeinas para ti, meu fillo. Pasei anos malos, mais velaquí están —. E disque ese esmoleiro nada puido dicir de semellante ouro... Si do témero exemplo, e que foi confesar moi arrependido.

Ó seguinte día —xa non quentaba o sol— os veciños petaron a fartar na porta da casa silandeira.

Ó cabo decidiron, despois de falar en roda coa ledicia inconfesada das alarmas insólitas, bota-la porta abaixo.

Polo buco que abriron as lombeiradas do máis corpudo escoáronse todos.

Axiña deron coa vella Resenda. A pouco treito da lareira topárona tendida no chan, cos ollos tan abertos que non parecía que estivese morta.

Do Andrés nunca se soubo. Todos din que foi comesto de corvos en terras de Mouramia.



4. A luz en silencio

Eu ben sei que o meu caso non debe dar pé a ningunha nova metafísica, e si, soamente, ás análises dalgún médico sutil. Pero se eu fose afeitoado ás trupias de concepto diríavos que aquela noite foi cando por primeira vez sentín a carón meu a terrible presenza baldeira do Señor Ninguén. Lonxe de min a intención de metervos medo, xa que, polo demais, a cousa non tivo importancia.

Direivos como foi.

Dende había algúns anos vivía na cidade. Alá na viliña onde eu nacera e finaran meus pais, quedaban do herdo familiar algunhas leiras, unha casa e, na casa, uns cantos trastos vellos...

Un labrador fiel de toda a vida, termaba de todo. Foi el quen me urxiu, nunha carta de letra revesgada, para que fose alá. Facía falta que eu mesmo remexese nos seculares feixes de escrituras para desenliar unha discordia por cuestión de extremas.

Cheguei case de noite no coche estrangoadado que facía de cote a viaxe entre o meu pobo e a cabeza de partido por onde pasaba o tren. Dúas horas a oí-los berros do tralleiro e as couces que daba nas táboas do pescante para espabilar ós cabalos cativos e desventurados.

Na casa un intre de conversa co labrador, entrementes engulía a cea que me serviu a súa muller.

Despois quedei só a remexer papeis nun van amplo —que fora sala nalgún tempo— separado da miña alcoba por un longo corredor...

Sempre tiven propensión ó sobresalto. A soedade, as tebras, o silencio, aínda hoxe me inquetan.

Aquela noite, ó me quedar só —¿por que non dicilo?— o desacougo encomenzou a escarabellar no meu maxín.

A casa, de muros balorentos e madeiras vellas, que xa de neno me impuña certo medo, agora chea de vagalumes de lembranza, parecíame aínda máis labiríntica.

Os teitos baixos, de trabes mal arrefeitadas, daban á sala unha falsa longura.

Ademais a luz ruín do anaco de cirio con que me alumeaba, facía máis imprecisos os límites do van e máis turdios tódolos currunchos.

As tebras do corredor entraban no van en frías bafaradas e amontoábanse a rentes das paredes, estreitando o seu cerco esmorecido para afogar mainamente, coma os criminais voluptuosos, a luz chea de sono.

O latexar da chama escorrentaba por vegadas o asedio das sombras, pero de novo asolagaban os currunchos en mestas moreas.

Folleando as escrituras decateime de que tiña que examinar unhas notas que deixara na miña alcoba. Erguinme e saín da sala deixando nela o cirio aceso.

Polo corredor as mil poutas das tebras, como picos de silveira prendíanme a roupa. Pero non fixen caso. Un home asisado non debe facer caso, anque o latexar do peito sexa un barullo de fragua. Sen respingar pasei por diante de moitas portas abertas.

Soamente ó chegar á miña alcoba saquei a caixa de mistos e rasquei un na lixa. Rasquei tres con toda serenidade. O terceiro prendeu. Para defende-la chama, que un ventiño traidor estivo a rente de matar, fixenlle pantalla coa man. Despois mirei arredor, desafiante... Ninguén.

Apañei as notas, guindei o misto e funme cara á sala polo corredor.

¿Quen estaba alí agora?

Eu non vía a ninguén. Non vía máis que o resplandor do cirio enchendo o vao da porta. Mais aquel resplandor «non podía estar só». ¿Comprendedes? Aquela luz roxa, inqueda, enmarcada na porta, dábame, non sei por que, a extraña seguranza de que dentro había alguén, absorto en pensamentos de lóxica inaccesible. Quizais ó me sentir entrar erguese a testa para me dirixir esa ollada perplexa con que son acolleitos os intrusos. Porque aquel resplandor «xa non era meu». Era *seu*.

A luz roxa nin podía estar soa nin me pertencía.

Non sei se me dixeran todo o que levo dito. Mais cando me dispuxen a entrar na sala, ía resolto a soste dignamente aquel ollar perplexo...

Entrei. Un trallazo de espanto deixoume entalecido... Na sala, silandeira e triste, non había ninguén.

5. Historia dun xoguete

Alá na mesma proa, ergueita e garbosa, onde o lío de cordas e de panos era máis revesgado, Bastián (nunca esquecerán o seu nome na vila mariñeira que xa non o agarda) ía sacando virutas, coa súa faca arrichada como peixe na malla, a un anaco de pino, branco e dócil. E un día e outro máis cando as velas penduraban floxas, preguiceiras, tal uns estandartes que non tivesen grea que enfervoar, ía saíndo do seo da madeira informe un barquiño feituco, moi ben arrefeitado, con tilla, paneis e todo, talmente da fasquía da goleta en que Bastián navegaba.

Os ollos dos picariños que alá na beiramar andaban en riola atrás da nai, encheríanse de asombro e de degoro cando visen o xoguete xa rematado, con relingas e rizo nas velas, motóns para subilas e baixalas, escadas e salvavidas polas bandas e, na popa, moi ben posto, con moita fachenda, o nome: «Nosa Señora do Carme». O mesmo nome da goleta. Na proa (non hai que esquecelo) lista e folio.

Terían entre as mans con lecer de abondo para ben admiralo e aprender como son os navíos dos grandes portos e dos mares longanos, que eles verían retratados nos ollos do pai, nas comedidas falas de quen sabe o que é mundo e o que son traballos. Despois, o mesmo Bastián, ergueito sobre un tallo que había de lle trae-la súa dona, tiña de penduralo da trabe do teito, mesmo diante da balconada que, por baixo das tellas, mira cara á badía e os rexos montes da outra banda, por veces envolteitos en veos de invernia, ou de súpeto espaxados e afincados co bo tempo.

Foi un día polo serán —xa estaba o xoguete rematado— cando da longanía, que se fora atafegando de cinza sanguínea, encomenzaron a chegar unhas ondas pequerreas e a marmular espácigas noticias, todas cheas de susto. Despois viñeron longos, vertixinosos rulos, pregoeiros destemidos dos escuros monstros que andaban xa a bruar polo horizonte.

Correron os mariñeiros dunha banda para outra e axiña ficaron quedos e atentos, cada un no seu posto.



Os mastros da goleta, antes tan pequechos baixo o inmenso fanal do ceo azul, medraron fantásticamente. Sacou o peito fabuloso con máis arruallo o mascarón da proa. Tódalas táboas

enchéronse de orgullo ó se lembraren de que eran mariñeiras. E unha flauta invisible desenrolou o galardete dunha rara e teimosa tocata. As velas, que no primeiro intre barullaran, ficaron despois tensas e caladas, nun bélico e duro silencio.

E a goleta, ousada e xigante, voou a esfuraca-las tebras.

O máis pequeno foi o que topou entre argazo e melfas mortas unha cousa que non remataba de desenliar. Quedárase moi atrás, e viña correndo, a se debater coa risa e a area que lle alongaban o camiño. Se non lle saísen ó paso os outros dous irmáns non daría chegado. Os tres encomenzaron de súpeto a garular e a se disputaren aquilo con tanta bulla que as gavotas esbardaron en xiros de aglaio. Tivo que media-la nai que andaba apañando argazo un pouco arredada.

Coa cara chea de bágoas e de risa o máis pequeno, que non quixera arria-lo tesouro, tivo que pousalo, entre ledado e arrabeado, nas mans da nai, que foi quen rematou de descubri-lo. Nunca viran barquiño tan feituco. Non lle faltaba nada, nin sequera o nome, posto con moita fachenda ó longo da popa: «Nosa Señora do Carne».

Cando voltaron á casa pendurárono dunha trabe do teito, mesmo diante da balconada que mira ó mar. Hai moitos anos que arrandea co pulo da araxe tódalas mañanciñas, ó franquearen os vidrais.

En canto a Bastián o navegante... endexamais voltou. Polo branco e longo areal vai ás veces unha muller de loito, a roupa en remuíño, a panela de argazo moi apirucada.

6. O Vello Moreno

Non me podo lembrar en que taberna de que porto foi. Só sei que a cortina da entrada era vermella e que se enchía como unha vela co vento noitego. Debeu de se-lo rapaz de abordo (sempre andaba con nós, fumaba en paipa e chiscaba o ollo) quen ó ve-la cortina daquel xeito dixo que iamos en popa. Outro dixo que estaba empreñada. E outro que era unha bailarina. Moura..., engadiu; razón, supoño, de que non lle visen as pernas. Este xa tresvariaba, e no pulo de ir namorar á bailarina desapareceu.

Bulía a marexada das conversas con ese ledo barullo en que xa non sabe un quen fala e quen escoita. Nalgún intre paréceme que se falou dos chinos... duns que ateigaban grandes ríos coas casiñas boiantes; e por entre eses chinos apareceron uns ingleses, e xa de seguida estaba outro lembrándose dunha noiva que tivera en Cardiff e do bonito que era oíla coma quen oe a un paxaro, facendo que entendía (yes, yes...), para que ela rise e garulase máis. Sobre mulleres, como son, como convén tratalas, case que todos tivemos algo que dicir. Cousas, por certo, de moi pouco peso.

Fórnanse algúns dos máis trouleiros, e aínda se lles oíu cantar, desafinando polo fino, ó virar por algunha venela cara ós diques, cando o Vello Moreno, deica entón moi calado, arregañou os

dentes (non podo xurar que aquilo fose unha surrisa) e dixo ollando para min e, máis de esguello, para outros que estaban por alí, preto da súa mesa:

— ¡Parvadas!

Cando lle quixen da-la razón, sen saber ben aínda a que parvadas afitaba, xa estaba el rosmando cousas que non entendín, como disposto a se pechar de novo nos seus pensamentos.

— Si, lerías... — dixen eu non obstante, na teima de certar —. Coidan que en catro retrousos caben tódolos casos e misterios do mundo.

Entón espabilouse:

— ¡Os casos do mundo!... Eu sei dunha muller que aínda hoxe agarda polo seu home... ¡Mais agarda en balde!



Arregañou os dentes outra vez. Se era dor ou surrisa, ou tenreza ou furia, eu non o sei. Era el así, o Vello Moreno. Polo

xeito de acariña-lo vaso, xa baleiro, que un mociño espilido acudiu a encher e que el esbicou, pareceunos que ía contar algunha cousa, algún raro exemplo. Todos calamos e escoitamos.

— Ela coidou que ninguén o había de saber... — rompeu a dicir despois dun intre de silencio que, para todos nós, era parte do conto —; e como se sentía, digo eu, moi enlevada por aqueles ollos de entendido en mulleres que a percorrían paseniño de pés a cabeza, deixou primeiro abertas as orellas, parándose a oí-lo que non debía, e despois as portas... ¡A modiño, a modiño! Non espertar ós nenos...

O narrador fixo unha pausa ollando para nós. Nas caras de todos viu que si, que entendiamos... Podía seguir.

— ¡Malpocada! — dixo como considerando o caso moi delicadamente —. En segredo, en segredo, fórono sabendo todos, tódolos que nas vilas saben estas cousas... E o raposiño aquel, viaxante, por máis señas, e do que non se soubo máis nada algún tempo despois, deixou dicir cousas moi churrusqueiras a catro lampantíns que trincaban á súa conta. Deixounas dicir, sentindo as cóchegas. El a sorrir, moi reservado... Máis ou menos de esguello, falouse do home dela, que andaba lonxe, a navegar. E foi cando el dixo (aínda agora se conta): ¡Disque é un toscalleiro, pero soubo escoller! Dígovolo eu... E baixou unha punta do bigote para desafogar, mordéndoa, algún degaro súpeto que lle gavearía polo corpo. Non sei por que me entreteño neses detalles...

— Os contos hai que adornalos — dixo algún dos presentes.

— Si, hai que adornalos, moi ben adornadiños — fungou o Vello Moreno. Bebeu un pouco, apartou de si o vaso e seguiu xa de corrido —: Un día soubo que o seu home viña xa de volta. Que estaba preto, na cidade... Soubo que podía chegar axiña, no intre insospeitado, e encomenzou a arranxa-la casa para recibilo con agarimo. Disque ata mercou algunha roupa nova... E velaí que o home non remataba de chegar. Chegaron en troques dous

deses baúles que chaman mundos. E aínda outro despois. E, nunha letra, os miles para o desempeño. E de seguida outra que dobraba á primeira. Mais del, do home, ninguén daba razón. Soamente preguntas das veciñas. ¿E logo, cando vén? Mañá, mañá... As avesulladoras viron como se miraba nun espello, como poñía aquí, alá, o retrato del, co seu marquiño de cunchas e caramuxos... Mañá, mañá. Os picariños non se fartaban de remexer nas pechaduras dos mundos, ou de andar arredor. Ó cabo puideron abrilos, porque da cidade chegou o máis vello amigo do navegante e deulles unhas chaves... E mentres eles remexían, o forasteiro falaba moi baixiño coa nai.

Do seo dos mundos encomenzaron a saíren adovíos de neno, feitucos e charramanduscos, lambetadas, un trenciño, moedas estranxeiras, bolas de vidro, azuis, moradas, cor da prata, do ouro, do lume... E deberon de se quedar moi aglaiados cando llas mostraron á nai, e viron que ela rompía a chorar... E ben, esa muller é a que agarda en balde. Hai quen di que lle quería ó seu home.

Calou un intre. Parecía de pedra; unha pedra na que fosen deixando tremulentas escumas, vindo de moi lonxe, unhas escuras ondas. Decía agora:

— Si, dende fóra, en falas e consellos, é moi doado ter bos ollos e boas entrañas. As entrañas demóstranse... Por exemplo, non tendo trato, anos arreo, con muller ningunha. Talmente un frade, deses antigos, dos desertos, mais acudindo a tesar un cabo, ou a empuxar bultos na estiba ou ó que cadre, que os brazos aínda rexen; e hai nun deles un nome floreado que non se desborra. Un bo traballo, feito por eses chinos que falabades. Si, hai quen di que lle tiña lei ó seu home, hai quen o di... ¡Mais a min, a min, non haberá quen teña cara a mo dicir!

E de súpeto o Vello Moreno, que tiña a man a tremer no cinto, arrandeou no aire o seu coitelo e espetouno na mesa. Longo tempo quedou o coitelo a abanear.

Seica fun eu quen preguntou despois dun silencio:

— ¿Hai moitos anos que foi...?

O Vello Moreno pasou a man pola branca testa rapada e dixo:

— Moitos.

Non quixen preguntar máis, e falamos do semblante do tempo.

7. O vagamundo

Nas pequenas vilas mariñeiras nunca falta un solitario, andador e farrapento. Este solitario é, como di a xente, un mangallón, un vagamundo, cun traxe amañado ou feito cos retallos que el sabe escoller en certos currunchos das congostras onde os gatos enmeigados e algún can forasteiro que apedrearon os pícaros, apodrecen cos dentes arregañados. Alí fai o vagamundo a súa escolma. E por veces ¡que sorte! hai unha prenda enteira...

Os seus pés, case sempre nus, esparrancados do moito trotar e acorazados de pel córnea contra a carraxe de toxos e pedruscos, calzan ás vegadas choqueiras ruínas, e entonces o vagamundo mostra certa fachenda no andar.

Coas mans nos petos e os ombreiros encolleitos vai só polos camiños abrasados do sol do mediodía.

Este vagamundo sabe moitas cousas. É o mellor nadador, o mellor bogador; sabe onde aniñan toda clase de paxaros, que horta dá as mellores froitas e ten valo máis baixo e can menos bravo, onde hai enterros de rumbo para ir extende-la man á porta do finado sen facer caso das vellas rabiscas e lechosas que queren escorrenta-la súa competencia esmoleira

chamándolle mangallón; que tempo vaticinan as nubes do serán, tódalas maneiras de coller grilos, tódalas trupias, cebos, agoiros.

E cando a escuadra inglesa entra solemnemente na ría, o vagamundo é dos primeiros en traer tabaco de contrabando. E é o que máis remexe no argazo da praia arredada en procura de tesouros: un cachimbo, uns zapatóns de mariñeiro, todos eses despoixos que as marexadas van botando á beira con certo misterio salobre de catástrofes marítimas ou de populosas longanías. ¡Ou, aqueles barcos adustos, escintilantes cidades pola noite, de onde, esmorecido e rachado polo vento maino, xorde ás veces o son brillante dunha charanga militar! Neses días o vagamundo sente a nostalxia das longanías e mira fixamente ó mar.

Despois volve ás súas viaxes terra adentro, por aldeas agachadas entre louros penedos. Tarda moito en tornar. Ó cabo chega. Trae ó lombo un saco abultado.



De rapaz foi rebelde e malcriado. O pai quizais morto, quizais na América. A nai unha desas mulleriñas que viven da caridade da ribeira.

Non foi á escola.

Non axudou a traballa-la terra.

Non foi ó mar.

Ceibe e silvestre medrou coma as lebres do monte. E chegou a home sen se decatar de que deixara de ser neno.

De rapaz era o que dirixía xogos, rapiñas e pedreas . Era o galo da grea infantil.

Despois os compañeiros fóronse virando persoas graves, asisadas. Uns marcharon a Bos Aires, outros gañan un quiñón, algúns teñen muller e fillos. E fóronse arredando del, deixándoo só.

Aquela superioridade súa na silvestre vida de nenos, xa non abonda para ser home respetoso e ben considerado na vila.

E el segue sendo rapaz, un rapaz que non pode facer compañía cos verdadeiros rapaces porque xa é un mangallón, nin cos homes do seu tempo porque é un vagamundo. E vaise quedando á parte, só.

As mozas rinse del. É un home que nunca poderá manter muller. E el veas pasar camiño da romaría deixando atrás un mesto arume de mimosas.

Rinse porque van xuntas, que se non... El ten uns fortes brazos capaces de apreixoar á máis rebelde. ¡Ai aquela dos beizos de cereixa! É a que máis ri. Si, el ten brazos fortes. Quizais un día mentres o cuco cante no pausado rumor dos piñeirais...

A mociña dos beizos de cereixa escolleu o relanzo máis agachado para o seu ledo labor de lavandeira, e, baixo ravesosos arcos de follamio e garula de paxaros, bate e frega unha prenda moi branca na pedra luída. Non obstante o frescor do sitio escolleito, a laboría puxo lume nas meixelas da moza.

Hai pouco estaba a cantar, mais calou porque sentiu o suligroso escarabellar dunha fitante ollada na coviña da nuca. E aínda que se virou, por mor de non sabía que, non viu a ninguén.

Non viu a ninguén porque alguén acababa de se agachar moi á presa, cunha fragua de latexos no peito, atrás das embrulladas rúblicas dun mato de silveira.

Moito tempo levaba o vagamundo naquel avesullar cos ollos relampados. E moito máis había de levar aínda coa vontade entalecida se ó se vira-la moza tivese a chombra mellor abotoada.

O vagamundo volveuse erguer. Quixo dicir algunha verba e quedóuselle prendida nas mallas da gorxa pegañenta. Palor arrepiante e súpeto fixo de buxo curado o seu rostro barbudo. E encomezou a se mover moi cauto e solermiño... El tiña fortes brazos capaces de apreixoar á máis rebelde.

Mais aínda non rodeara o mato de silveira cando a puxante funda dun pastor fixo rosma-lo aire e unha mazá verde, que polo dura lle pareceu croio, encheulle a testa, ó petar nela, de asubíos e brétemas. Cambaleou e caeu aparvado. Para o seu susto, morto.

Xa no seu sentido, alertou a orella. Marmulos de auga, rechouchíos. E polo medio... Si, eran bicos, por veces estourantes, por veces mainos, xogando a non teren fin. Moi a modiño para non barullar fuxiu coa ingravidez dunha pantasma ou dunha avelaiña, e só cando estivo lonxe meteu as mans nos petos, encolleu os ombreiros coma sempre e axeitou as súas alancadas ó compás dilixente de quen vai a un mandado...

8. O vello que quería ve-lo tren

Eran de alá da montaña... Dunha desas aldeas de nome bravo e silvestre que repousan perdidas entre calados cumios. ¡Longa viaxe fixeran — no rexo carro de bois, que rinchaba, xemía e daba tombos polos agres camiños montesíos — para lle dar cumprimento ó antollo do vello!

Moito tempo tivera secreto aquel desexo. Un día, coa mimosa cortedade dun neno que pide unha lambetada posta, como nun altar, nos máis altos andeis do almario, o avó tatexou o seu capricho. El nunca vira o tren. El non quería morrer sen ve-lo tren. A filla e o xenro riron boamente daquela tolería. O pobre vello, non tiña volta, estaba xa un pouquiño lelo. ¡Pasaba a vía tan lonxe! E ademais ¿que demos lle importaba ós seus anos ve-lo tren? En troques o neto púxose da parte do avó. E petou testarudo cos zoquiños no chan. ¡Eu quero ve-lo tren! ¡Eu quero ve-lo tren!

Catro reflexións ó vello e catro azoutas ó pícaro e todo quedou en nada pola primeira vez. Pero repetiuse a escena, soubo o cura do conto e, con aquela sorrinte calma do abade

experimentado que comprende e transixe, volveu polo avó e o neto. ¡Que diaño! O vello estaba rufo, curado polo sol e o arume dos piñeiros e non había de rendelo moito a viaxe.

Así foi que puxeron no carro un feixe de palla para asento do vello, meteron nun garabelo unha forte merenda, e moi de matinada puxéronse en camiño, deica chegaren ó ignorado e apodrecido apeadeiro onde agardan inquedos o miragre.

Coma un extraño rebuldar de gatos brancos — así lle pareceu ó neno —, correu lonxe, por riba dun pinal, unha fumarada, e un primeiro asubío foise perder nalgunha erma penedía. Outro máis furente foise espetar no ceo. E outro, imperioso e longo, axiña denunciou, co tremer da terra, a veciñanza do Non Visto. ¡Alí viña xa o tren, unha riola de monstros ben mandados, co alteiro capitán de ferro ó fronte! ¡Medraba, medraba!

Salaios de condanado, sichos brancos, topadas, trasacordos, e de seguida todo ficou en gran silencio diante dos ollos aglaiados dun labrego vello e dun neno que aquel día estreara uns zoquiños novos. Foi só un pequeno intre de repouso. Non baixou ningún viaxeiro. Case que ningún avicou. Subiron moi a présa nun coche de terceira dúas mulleres atrancadas de cestos, máis torpes canto máis espavorecidas polo apremio. O tren parecía sufri-la impertinencia das moitas cortesías cando se está apurado. E fuxiu de novo, cheo de indiferencia, como para non se lembrar máis do pobre apeadeiro apodrecido.

O neto fala moito. ¡Como corría o tren! E non levaba cabalos. E había un neno coma el que avicara pola ventaniña. Un neno ben vestido, de cara fina, que tiña nos ollos esa expresión dos ricos nenos das cidades, que andan en tren e viven en casas moi altas. Aquel neno non se asombraba de ir en tren. ¡Que secreta finura había naquela indiferencia! E tamén ía unha señorita cunha teña leviá coma as que fan as arañas cubrindo a face... Unha teña morada.

O vello fala pouco. Vai satisfeito pero un tanto tristeiro. Naquel mundo que lostregara un intre diante del, avesullaba moitas cousas endexamais presentidas alá nas altas toxearas. Había máis mundos có seu. Mundos embruxados, ledos e tentadores. Mais el, xa, malpocado...

De súpeto o rapaciño dixo:

— Eu cando medre tamén hei de andar en tren.

As enrugas do vello teceron unha sombriza tristura.

O rexo carro de bois voltaba rinchando, xemendo e dando tombos para a aldea de nome bravo e silvestre perdida entre calados cumios.

9. O neno suicida

Cando o taberneiro rematou de ler aquela nova inqueda — un neno suicidárase pegándose un tiro na sen dereita — falou o vagamundo descoñecido que acababa de xantar moi pobremente nun curruncho da tasca mariñeira, e dixo:

— Eu sei a historia dese neno.

Pronunciou a palabra *nenos* dun xeito moi particular. Así foi que, os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro calaron e escoitaron con xesto inquiridor e atento.

— Eu sei a historia dese neno — repetiu o vagamundo —. E, tras dunha solerte e ben medida pausa, encomenzou:

— Alá polo mil oitocentos trinta, unha beata que despois morreu de medo viu saír do camposanto florido e recendente da súa aldea a un vello moi vello en coiro. Aquel vello era un recién nacido. Antes de saír do ventre da terra nai escollera el mesmo ese xeito de nacencia. ¡Canto mellor ir de vello para mozo que de mozo para vello!, pensou sendo espírito puro. A Noso Señor chocoulle a idea. ¡Por que non face-la proba? Así foi que, co seu consentimento, formouse no seo da terra un esqueleto. E despois, con carne de verme, fíxose a carne do home. E na carne do home

aformigou a caloriña do sangue. E como todo estaba listo, a terranai pariu. Pariu un vello en coiro.

De como despois o vello topou roupa e mantenza é cousa de moita risa. Chegou ás portas da cidade e como aínda non sabía falar, os ministros, despois de lle botaren unha capa enriba, levárono a diante do xuíz coma se tivesen sido testigos: Aquí lle traemos a este pobre vello que perdeu a fala coa tunda que lle deron uns ladróns mal entrañados. Nin roupa lle deixaron.

O xuíz deu ordes e o vello foi levado a un hospital. Cando saíu, xa ben vestido e mantido, dicíanlle as monxiñas: Vai feito un bo mozo. Ata parece que perdeu anos.

Daquela xa aprendera a falar algo e fíxose esmoleiro. Así andou moitas terras. Alá en Lourdes estivo dúas veces; da segunda tan amozado que, os que o coñeceran da primeira, coidaron que fora miragre da Virxe.

Cando adquiriu experiencia de abondo pensou que o mellor era manter secreta aquela extraña condición que o facía máis mozo cantos máis anos corresen. Así, non o sabendo ninguén — non sendo un ou dous amigos fieles — podería vivir mellor a súa verdadeira vida.

Traballou de vello e fíxose rico para folgar de mozo. Dos cincuenta ós quince anos a súa vida foi a máis feliz que se pode imaxinar. Cada día gustaba máis ás mozas e andou enliado con moitas e coas máis bonitas. E ata disque unha princesa... Pero diso non estou certo.

Cando chegou a neno encomenzou a vida a se lle ensarillar. Dáballe medo a sorpresa con que o vían entrar tan ceibe nas tendas a mercar lambetadas e xoguetes. Algún rateiro de viseira calada teno seguido ó longo de moitas rúas tortas. E algunha vez ten comido as súas lambetadas a tremer de anguria, coas bágoas nos ollos e o almibre nos beizos. A derradeira vez que o topei — tiña

el oito anos — andaba moi triste. ¡Pesaban, ademais, tanto no seu espírito de neno os recordos da súa vellice!

Logo encomenzou a lle escarabellar día e noite unha obsesión tremenda. Cando pasasen algúns anos recolleríano en calquera calexa extraviada. Quizais algunha señora rica e sen fillos. Despois... ¡Quen sabe o que pasaría despois! A lactancia, os paseos nun carriño, cunha sonalla de axóuxeres na manciña tenra. E ó remate... ¡Ou! O remate poñía espanto. Cumpri-lo seu sino de home que vive ó revés e refuxiarse no seo da señora rica — poida que cando ela durmíse — para ir alí devecendo ata se trocar primeiro nunha sambesuga e despois en arumia e logo en pequenísima semente...

O vagamundo ergueuse moi pensabundo, coas mans nos petos, e deu algúns paseños todo amargurado. Ó cabo dixo:

— Explícome, si, explícome que se chimpase un tiro na sen o pobre rapaz.

Os catro bebedores de augardente, crían. Os cinco de albariño, surrían e dubidaban. O taberneiro negaba. Cando todos desortían máis enfervoadamente, o taberneiro ergueuse de súpeto nas puntas dos pés e púxose a mirar todo arredor cos ollos moi abertos. O vagamundo desaparecera sen pagar.

10. Na morte de Estreliña

Chamábase Estreliña e era moi gabaxeira e linda.

Dicíalle a nai: Vai á fonte, Estreliña.

E Estreliña ía á fonte.

Dicíalle a nai: Vai á horta, Estreliña, e dille a papá que deixe a poda e veña xantar.

E Estreliña ía a correr, moi contenta de cumpri-lo mandado e chamaba polo pai.

Dicíalle o pai: Ponte queda, Estreliña, que che vai traba-lo can.

E Estreliña poñíase queda, toda a cara en lume, a sorrir.

E dicíalle a irmá casadeira: Vai á escola, Estreliña.

E Estreliña collía o catón e moi dereita e leda íase camiño da escola.

E así sempre.

E cando a vían os outros picariños berraban xa de lonxe:
¡Estreliña! ¡Estreliña!

E alá ía Estreliña a correr, depenicando un cornecho, e dáballes un anaco e xogaban ás moradas.

E ás veces, moi cedo, pasaba por baixo da súa fiestra un neno, e dicía: ¡Estreliña!

E a cara de Estreliña, a sorrir tan campante, aparecía na fiestra un intre. Un intre nada máis. E o neno íase a correr e a rir, coma se fixese unha trasnada.

E así sempre.


E un día Estreliña morreu. Estaba no cadaleito bonita coma sempre, e tan campante.

E a nai, e a irmá casadeira, atrás do cadaleito, choraban. A irmá casadeira choraba e lembraba as cousas miúdas que a miúda Estreliña facía tódolos días.

E a nai case que non dicía nada.

Só dicía por veces, medindo e apoiando o pranto da filla casadeira:

— Estreliña, vai á fonte. Estreliña, vai á horta. Estreliña, vai á escola... ¡Estreliña onte! ¡Estreliña hoxe! ¡Estreliña mañá!



11. **O grandor do mundo**

Tanto oíra falar de Bos Aires, das rúas longas e dereitas que non se dan admiradas nin andadas, da prata relucinte e xenerosa con que alá premian o traballo, dos boletíns de moitas llanas e da xente sabida que os le, dos longos trens que brúan pola pampa infinda e de mil cousas ledas, lanzais e rumboas, tanto oíra falar, entrementres coa navalla barbeira — a máis leviá da vila — percorría as fazulas dos seus parroquianos de sempre, e tanto no seu maxín escarabellou o falado, que un día topouse de súpeto coa circia decisión de ir a aquelas terras. Dez anos alá, e voltaría rico de pecunia e lembranzas.

Unha mañanciña saíu da vila cun baúl pequerrecho.

Cando chegou ó porto — endexamais vira unha cidade — sentiuse atordoado e como sen corpo naquel reducio de escintilos e rumores novos, e a rentes andou de voltar. E hai quen di que dixo moi admirado, moi anguriado e moi polo baixo:

— ¡Que grande é o mundo!

* * *

Dez anos alá e voltou rico de penuria e lembranzas.

Chegou en tempo de invernía, cando anda os gatos a se pasearen pola casa moi desacougados, e as galiñas fan ríngolas na sombra do alpendre, e as badaladas que chaman á novena fan o serán esguío, espiritado.

E cando estivo na casa e pasou o lado barullo do recibimento, púxose a cantarexar baixiño algo que encomenzou en tango e rematou en vella cántiga, mentres os vidros da fiestra choromicaban diante dos seus ollos, estrangoando a rúa humilde.

Algo moi vello e moi novo foi sortindo solermiñamente de non sabía que esquecidas veas do seu intro. E sentiuse asolagado ate a gorxa de doce e rara anguria de morto revivido. E cando pasaron uns picariños correndo e salmodiando aquilo...

*Chove, chove
na casa do pobre
na miña non chove...*

...marmulou coa voz esnaquizada:

— ¡Que grande é o mundo!

12. Pampín

Non sei se é nome ou alcume. Chámanlle Pampín. Se é nome propiamente, segundo os documentos, é tamén alcume, nome feito por nós, por todos nós... Un *nós* de moita largueza, no que caben rafegas de vento mareiro, disputas de gavotas arremuiñadas, escumas e ondas a correr pola area... É un mozote un pouco fazuleiro, ancho e duro. Vai sempre cunha caniña pequena e ben arrefeitada como unha batuta. Vai pola ribeira facendo moitos relanzos. E coa caniña mil estremonías. A un neno deulle dous croques tan suaves e tan cheos de maxia, que o neno tivo unha súpeta e calada surrisa, e deixou de xogar un intre. A outro quitoulle a boina e fíxoa xirar na punta da cana. De seguida devolveulla e seguiu asubiando non sei que.

Repara en tódalas cousas, failles cariños ás pedras, e se algún sueste ou calquera outra prenda cae dunha balconada, Pampín é sempre o que avisa.

Hai un pouco estaban dúas lanchas demasiado xuntas a bater. Pampín foi nunha gamela a desapartalas.

Onte — avenlle moitos días — axudou a turrar da rede. Pasaba por alí, e axudou. Cando chegou o cope, Pampín divirtiuse moito poñendo medo a un neno cun cangrexo. Despois reparou nunha

cunchiña pequerrecha que fora copiando os ceos de moitas matinadas, colleuna e foise. Non se lembrou de cobra-lo quiñón. Certo é que despois volveu e apañou algúns peixiños que quedaran na area.

Agora disque ten mentes de ir navegar. Poida que si. Levará a súa caniña e irá petando amorosamente con ela nas cousas do mundo. E cando, de volta, desembarque no peirao asubiando ou facendo que asubía, choutará pola ribeira a noticia, inxel, estourante, lucinte:

— ¡Veu Pampín!

13. Espanto de nenos

Os picariños había tempo que estaban a xogar con moita bulla naquel gran baixo apenumbado que tanto gustaba ás arañas para teceren as súas redes e ós ratos furelos para os seus atrevementos e fuxidas.

Chamábase aquilo o almacén, inda que ren houbera alí que xustificase o nome. Soamente uns andeis baldeiros, algún pequeno barril, vougo e sonoro ó petar nel, unha xesta esquecida nun currucho e quizais unha escada de man, xa non me lembro. O portón case que sempre estaba franco, e algún neno parente dos da casa debeu de se-lo que afixo ós demais, seus compañeiros, a iren enredar alí.

Era un deses días nos que o ceo está cheo de mensaxes cruzadas e dirimindo os seus conflitos, ou nos seus trafegos, sen se coidar de nós. A treboada que rosmaba lonxe tiña desacougados, crispados e volubles ós nenos, cousa que ensarillaba os xogos. Eran máis os propostos que os levados a reo.

No intre máis barulleiro, algún deles, ninguén sabe por que, ollou cara ó teito, de vellas táboas encaladas, e de seguida tamén os demais. Todos ficaron, por un intre, silandeiros, quedos. Quixeron seguir xogando, mais perderan os pulos... Nunha fenda ou buraco

do teito viran un ollo alerte e só que os fitaba, talmente coma se a casa mesma estivese a ollalos dende o mesto espesor da súa vellez, ou ben ofrecendo avicadeiro ó diaño ou a algún anxo esculcador que andase de viaxe. Atrás das táboas o mesmo se podía agachar unha sañenta carantoña, unha risa de pedra, que un xesto garimoso. Aquel ollar sen pálpebras nin face que se visen, coa súa frieza de trasmundo axexante, deixaba desnortadas tódalas conxecturas, xiadas no intre mesmo de xurdiren.

Moito tempo despois, con máis coñecemento, algúns deles aseguraban que o que os fitara por aquel buraco era un aleixadiño que, con moito traballo, se debruzara para ver como xogaban . Outros dicían que non, que aquel ollo fitante pertencía a unha vella tesa e arisca, inimiga dos rapaces malcriados ou, para dicirla verdade, dos rapaces sen máis, todos para ela falcatrueros, malcriados. E outros, aínda, dictaminaban que todo fora unha ilusión. Non houbera tal ollo, senón un pelouro que fora dar alí; ou, segundo outros, un botón perdido por unha costureira.

Morreu xa o aleixadiño, morreu a vella, morreu a costureira. Algúns daqueles nenos, xa homes cumpridos, andan polo mundo adiante. ¿Quen podería hoxe testemoiar con seguranza sobre o caso? O sitio, a casa enteira, transformouse, e pouca xente se lembra do «almacén», e menos aínda do seu misterio que, naquel intre, fora para os nenos aglaiados como unha sorte de espello metafísico. O raro, velaíño espanto que sentiron, por entón calárono, mais vírono. Viuno cada un na muda suspensión dos outros.

De súpeto, sen se poren de acordo, encomenzaron todos a choutar e a garular sen tino, e así, facéndose calquera deles capitán, saíron á praciña, e xa sen se deteren, por algún calexón cheiroso a redes e alquitrán, correron todos en riola cara á beira do mar.

Alí espalláronse. Batían xa na xerfa inmóbil as primeiras pingotas, as rexas falaricas do trebón.

14. Na ponte de ferro

¿Por onde andará aquel home? Quizais nos sotillóns dalgún cargueiro, alá na Habana, axudando ós negros a estivar sacos de azucre. Quizais viaxando no curuto dunha morea de carbón, nunha desas vagonetas a onde o revisor non chega. Ou lavando vaixela a vapor nun xigantesco hotel neoyorkino. Ou aplacando a fame dos fornos coa pa dos fogoeiros...

Non o vin máis que unha vez. Estaba eu de cóbados no petril daquela ponte — por baixo dela pasaban ouleando as locomotoras —, e preto de min, envolteito por veces nas mesmas fumaradas, estaba o que vos digo. Moi calado, pero téndome en conta, pareceume. Téndome en conta como compañeiro.

Cando rompeu a falar foi coma se seguisse un suposto palique entre os seus pensamentos e os meus sobre as voltas da vida que nos trouxeran ata alí, ata aquel porto quente do Golfo de México. Distintas, xa se sabe, pero así son as voltas da vida. Cada un é un caso, e por vieiros moi desemellantes imos esmorecer e a nos irmandar nas mesmas ribeiras, por veces nin soñadas. ¿Eu tamén sen traballo naquel intre, non si? Non tiña por que me poñer encarnado. No fío dos consellos ensartáronse os exemplos, e axiña as lembranzas, que corren porque teñen que correr.

Noviño aínda naquel tempo, presumía xa eu de home sufrido, en loita lanzal coas esquinadas ou furentes afrontas do mundo. E falando de si coma se falase dos dous, aquel bo compañeiro parecía darme a razón ...

Non obstante, así como enchía a marea das evocacións no seu falar inxelo, deabalaba a miña recatada fachenda. ¡Que pequeniñas se ían virando as miñas loitas de par das daquel home, nada queixoso e, ben mirado, tan rapaz coma min!

Coñecía a xungla e o deserto, a sede longa que fai chorar á vista dunha fonte, a rudeza dos grandes fardos preguiceiros enriba das costas, baixo as olladas de xeixo dos capataces; o xantar miserento compartido cun can vagamundo, que lambe ou roe do mesmo refugallo ó pé das altas grúas. Eu en troques... Non, non lle quixen contar nada.

Pensei nas miñas arelas, grandes e imprecisas por aquelas datas, e pregunteille cales eran as súas, que recompensa agardaba, que fito ideal poñía no remate daquel longo camiño, tan azarento e ríspido.

A súa resposta deixoume barado... Hoxe, con máis anos, enténdoa mellor. Alumeóuselle o semblante, ríronse os ollos, cobizosos coma os dun neno, dende moi adentro, e dixo, a rente xa de se despedir:

— O que eu quero é ter un quiosco de periódicos, todo pintado... moi ben pintado, alá nunha praciña que eu sei... ¡Vira que ledosol dá alí polas mañás!

15. Nova York é noso

O neno tiña algo que lles dicir ós outros nenos que andaban a enredar con el na beiramar. Tiña algo que lles dicir, pero non remataba de dicilo. Por veces poñía cara de malo, cheo como estaba daquel orgullo que non certaba a deixar ceibe. Ata lle rabuñou a outro, así nun pronto, a lle brincar na cara os lampos dunha íntima fogueira. Esbandallaba tódolos xogos con aquel seu desacougo, mesmo como de gato alporizado por veciñanza de treboada. Era un raro rebuldar o seu, con súpetos enlevos.

Seu pai chegara aquel mesmo día de Nova York e os demais nenos non lle preguntaban nada, nin lle facían máis mimos e respetos que outros días. Quizais por iso, porque a pregunta non chegaba, foi polo que rabuñou a quen el coidaba que calaba adrede.

Sacou dun peto un asubío noviño, de forasteira feitura e moito rebruñado, e púxose a chifrar cheo de coraxe. Non o quixo emprestar a ninguén e gardouno outra volta no peto, domeándose moito ó enfonda-la man para demostrar un peto fondo, coma os petos en que se gardan as mellores cousas. Arredor dos seus ollos bulía unha surrisa dubidosa, ninguén sabe se mala ou suplicante. Mais non lle preguntaron nada.

Seu pai chegara de Nova York aquel mesmo día. Vírao desembarcar no peirao vello. Traxe azul. Viseira de carei. A cara forte coma unha proa. Branco e grande o dentamio. E nos ollos, afeitos a longanías e grandes rumbos, ningunha fachenda.

Houbo un intre en que o fillo do navegante andou a rentes de chorar. E as súas bágoas dispararíanse como frechas quentes e coraxudas. Pero non chorou. Ergueuse con máis cara de malo aínda, o peito en arco, a manciña pechada, os labres a tremer. Ergueuse así, garboso, o neno e dixo soamente:

— ¡Nova York é noso!

16. **O caso dos tres fornos**

O dereito é sempre o dereito, e sóbranme a min azos para sostelo meu se alguén mo quere tortear ou virar do revés. Pero hai cousas, paréceme a min, que hai que ver con anteollo de máis longa vista... Un que non quero nomear chamoume parvo, pódose a talear de casos en que el fixera así e asá, sempre varudo e espilido, como cómpre a quen sabe do mundo. Tanta sabencia en tan pouca cachola xa me estaba amolando. Se non se interpoñen xentes da miña estima que alí había, non acaba aí o conto. ¡Hainos cativos de caletre! Vós teredes, supoño, mellor idea do que é un home. ¡Un home limpa de escorias tres fornos arreo, e máis se cadrase! Hai que entende-las arroutadas, e saber de que peito xorden. ¿É así ou non é?

E imos ó caso como foi. Aquí entre nós hai un, compañeiro de a bordo por aqueles tempos, que non me deixará dicir unha cousa por outra. El era de cuberta, e eu das fonduras. Fogoeiro. O barco, grande e de tres fornos, aínda que entrado en anos, era valente e moi sufrido.

E ben, xa se sabe que cada fogoeiro, así como lle vai cadrando a vez, ten que termar dos tres fornos. Termar dos tres, mais librar de escorias un só. Cada fogoeiro limpa un distinto (poñamos: ti o da esquerda, eu o do medio, este o da dereita, ti outra volta o da esquerda...), e dese xeito vanse amañando un tras do outro. Tal se fixo sempre nos barcos desa clase en que teño andado, que foron moitos, e coido que en todos ha de se-lo mesmo.

Unha mañá cadrou na miña vez o estarmos preto de Marsella, e velaí que se me achega o maquinista e dime:

— Hai que limpa-los tres fornos.

— ¿Os tres fornos? — dixen eu —. Non será este home o que limpe os tres fornos. Non, abofé. Limparei o que me cadra e listo.

— Que teñen que se-los tres...

— Non, señor, non serán os tres. Eu non teño obriga de limpar máis que un.

— Pero, ¿non ve que estamos chegando a porto?

— Si, ben o vexo. Vén dicindo que, de que cheguemos, haberá que desaparta-la escoria dos outros dous, e que, non a deixando en porto guindar ó mar, haberá que pagar botes para levala a fóra. ¡Pois que os paguen! Si, señor, que os paguen. A compañía é rica. E máis eu non teño que falar de si é rica ou pobre. Abóndame con sabe-la miña obriga. Limparei o meu forno. ¿Que non o limpo ben? Asegundarei no traballo. Mais fóra diso non ha de haber outras novidades.

Volta a me dicir que tiña que arranxa-los tres. Volta a lle dicir eu que non.

— Voulle dar parte ó capitán.

— Pois vaia. Nin o capitán me fará limpar un forno máis. ¿Que teñen que pagar botes!... Estes coidan que son leigo no mar ou que son de alá do monte.

Nisto alá se vai onda o capitán. Pasa tempo e velaí chega de volta. Véñse cara a min e dime:

– Non limpe máis que un forno. O capitán di que non limpe máis que un. E ben lle abonda...

De súpeto, compañeiros, o peito viróuseme un forno de carraxe. O lume debíame de saír polos ollos. E pola boca toda a escoria das malas palabras que aprendín nos portos (enriba das que xa sabía). Deixémolas por banda, para non dar mal exemplo a algún rapaz noviño que me escoita. En fin, o díaño en tempo de escasedade, cando lle chegan poucos condenados, e todos do refugallo, demasiado bos, non se alporiza tanto como eu naquel intre.

– ¿Que non limpe máis que un forno? ¿Que non limpe máis que un? Nin vostede, señor maquinista, nin o capitán, saben quen son eu. ¿Que ben me abonda un!... Se en tres lóstregos non limpo os tres, que non cheguemos a Marsella. ¿Entendeu? ¿Os tres! Os tres porque non hai máis.

Espinme de medio corpo arriba e encomecei a me debater cos tres fornos coma con tres cans bravos.

Cando chegamos a Marsella díxenlle ó capitán:

– Señor capitán: voume. Ben viu que non «me abonda» un forno. Ben viu que a miña obriga era de limpar un. Ben viu que por non pagar botes hai quen quere castiga-lo corpo dun mariñeiro. Voume. Veño pedirlle que me dea a conta.

O capitán non me quixo da-la conta, e funme sen ela.

Andei todo o día por Marsella adiante. Pola noite, non sei como, fun dar a un barrio de mala xente. Levaba moito tempo a escismar nunha tasca, diante do meu vaso, cando sentín que se me pousaba unha man no lombo e oín que alguén me dicía:

– Busqueite todo o día compañeiro.

¿Que queredes! Volvín ó barco. Aquel que me pousara a man no lombo era o meu capitán.

17. **Once mil novecentos vinteseis**

Espertei, erguín a testa e... ¡que tola anguria, meus amigos! A miña fronte petou nun teito liso e frío, como luído polos duros cornos do Malo. Erguéronse as miñas mans — ¡ouh, as mans, humildosos proeis do espírito nas tebras! —, erguéronse e toparon o mesmo teito liso e frío. E tamén o toparon os xeonllos, e, axiña, todo o corpo, a se debater con aquel nicho metálico nun desespero de cobra engaiolada. Despois quedeime a tremer como un neniño e deixeime acaloumiñar pola modorra inmensa que de novo pesou nas miñas pálpebras. Cando outra vez me espabilei quíxenme sobrepór á miña desventura. Endexamais esquecerei os pensamentos daquel intre. Os consolos tradicionais, que tan dilixentes se apiñocaran a carón da miña dor, liscaron logo silandeiros, coma envergoñados da súa impotencia. O derradeiro en fuxir, teño que confesárvolo, non sen certo rubor, foi o consolo... ¿estético, chamareille? Deixemos isto. Tiven que me acoller á conformidade, e tamén a aquel semisono cariñento que asegundaba o formigueo nos meus ollos.

Foi entónces cando, sen saber por onde, veuse impoñer no meu maxín esta certidume. Eu non son un enterrado en vida. Eu tópomene neste nicho cumprindo unha gravadosa encomenda.

¿Que encomenda era aquela? Sen me dar conta encomencei a me acariña-lo queixo — xa non me lembro se barbado ou non — con aire moi meditativo e poida que fachendisco.

Venciámeme o sono. De moi lonxe chegaban, esmorecidas e indecisas, miúdas folerpiñas de lembranza.

Si, todo pode ser — dixera o doutor con esa surrisa dos doutores versados en orientalismo. Naquel intre o reloxo, insomne e desvariado dera unha hora absurda.

Todo pode ser, todo pode ser... ¿Tería eu, logo, durmido dez mil anos?

Espabileime de vez.

Si, era iso. Non había dúbida ningunha. Eu non lembraba enfermidade nin outra circunstancia precursora de morte nin de enterro.

Ben. Poñamos que fose iso. O doutor debeu de me deixar medios de me valer para saír do nicho e ver como era o mundo no ano 11.926.

As miñas mans cachearon a tremer no fondo de tódolos petos. Un reloxo, un termómetro, unha caixa de mistos, unha petaca, unha pistola, unha lanterna eléctrica, unha carta lacrada, ¡unha chave!

Percorrín coa lanterna acesa o teito do nicho e dei co revesgado ollo da pechadura. A chave axustaba.

A ledicia foi tan grande como o máis grande arrepío. Tantas e tan novas forzas rebrincaron na miña alma e de tal xeito se ensarillaron unhas coas outras en procura de feitos que calmasen o seu tesante e doroso ímpeto, que a rentes andaron de me aniquilaren. Eu non era un home enterrado vivo. Era unha cultura «antiquísima» enterrada viva. Era un espírito arquisolitario. ¿Qué

sería de meus pais, dos meus antiquísimos amigos, daquela antiquísima rapariga tan garimosa e branca? O non lles poder conta-lo que vise, o non poder atordoalos co meu testemoio da xurdia, perfectísima e miragrenta soberanía dos homes, quizais colonizadores de astros, as pasadas dos cales me parecía sentir xa enriba de min, atristoume un pouco. ¿E o doutor? ¡Pobre doutor, magnífico, heroico, espiritualísimo doutor, apodrecido na terra despois de me disparar a min ó longo desa inmensa parábola de dez mil anos! Boteime a chorar, tremendo de tenruras ensarilladas con ledicias.

Permanecería así, quedo e feliz, quen sabe canto tempo, se non tivese reparado, mesmo enriba da miña fronte, nunha agullíña coma de reloxo que ía paseniño acaroando a súa punta indicadora ó seño da morte que se estilaba alá polo século XX: unha caveira enriba do xe feito coas canelas. Comprendín. Aquilo debeu de ser posto en movemento polos que eu fixen ó me espilir do sono milenario, e quería dicir que a miña moradía no nicho debía finar antes de que a agulla fixese o seño do Silencio sobre o dentamio da caveira. Un letreiriño posto a unha banda do circo percorrido pola agulla rematou de me esclarexa-lo que xa eu enxergara.

Restablecido o ritmo normal das funcións, a provisión de... (aquí unha fórmula química que non entendín) esgotarase nunha volta da agulla, e a túa vida perigrará.

Arranxei tódalas miñas forzas nun feixe ben unido e metín a chave no fecho.

¿Como era a cripta — chamareille así — en que me topei ó saír do nicho?

Non vexo ben os seus confíns. Soamente se evidencian para o meu recordo un recuncho de pedra ben labrada no que había un bocoi e ó lado a porta salaiante que empuxei... ¿Viña despois unha pequena esqueira, ata o andar dun corredor? ¿E logo unha saleta con tres portas, unha moi baixiña (por alí fun eu), e outras

esqueiras e corredores e, nalgún sitio, auga polo medio? Cousas así coido lembrar; pero son imaxes incertas, e non sempre as mesmas. Non me deades moito creto.

Terei agora que vos pór ó tanto de cal era o segredo do sobre lacrado, que abríñ coidadosamente, e represando o meu aneiro, como ben suporedes. Dous trascendentais documentos contiña.

Nun deles o doutor dábase os consellos que debía seguir estrictamente para que a miña vida, comprometida polo témero experimento, non devese no termo de moi poucos anos (quizais meses, ou días, ¡ou horas!).

O outro era unha longa carta moi respetuosa e digna, dirixida ós médicos do ano 11.926.

Os dous levaban a mesma data: Compostela, 1926; e a mesma firma: Dr. Nóvoa Santos. Rubricado.

Lin os documentos, xa ceibe, a plena luz, un pouco á lixeira e distraído, erguendo os ollos por vegadas cun crecente aglaio. Porque Compostela, amigos, desaparecera.

Metín os papeis nos petos con tan atortorada presa que os enruguei, e púxenme a correr dunha banda para a outra pola campía inculta e deserta. Galguei a un pequeno altor encurutado de penedos, e dende riba dun ollei ó lonxe en redondo. Unha sacudida de sorpresa fíxome oír por vez primeira dende había dez mil anos a miña voz articulada: — ¡O mar! — berrei. Alá estaba, e non moi afastado. Escintilante, ledó... Pero tamén deserto. Nin velas nin fumaradas puñan nel as insignias do home. ¿Como tería chegado o mar ata alí? ¿Nun rechoutar enfervoado e furioso, ou moi de vagar, ó longo dos séculos? Non era intre para meditalo e baixei do curuto, primeiro cara á valgada, despois...

¡Canto máis feliz fora no seo do nicho que despois! Xa levaba moitas horas de andar, a segui-lo camiño do sol, e as puntadas da fame, con seren laceirantes, non o eran tanto como unha sospeita que encomenzaba a me espeta-las unllas no maxín, medrando en

loita co meu circio optimismo de sempre. Eu non o quería crer, mais non ía ter máis remedio que aceptalo: a terra debía de se topar deserta. Eu sería o supervivinte único. Un supervivinte fachendisco e burlado. Soño no mundo. ¡Como terían de se riren de min as estrelas cando chegase a noite! ¡Como se chiscarían os ollos! Mais poida que non. Quizais me saudarían cun hurrio tremelucinte. Quizais me cantasen, caído eu no chan pedregullento e coa livor da morte no semblante, o seu funeral pitagórico. Este pensamento deume azos para seguir camiñando.

O sol estaba xa moi baixo e o día aterecía.

Tres figuras na lomba dun cotorelo quequeimado: unha árbore, un home e un neno. As tres moi pretas sobre un ceo moi roxo de serán. ¡Un home e un neno! Degorando trocarme nun feixe de foguetes festeiros, encomencei a correr cara a eles. Moradores da gran Cidade Perfecta, que non estaría lonxe, pensei. E, sen deixar de correr, non paraba de rir nervosamente, cheo dun estralante xúbilo infantil.

Cando me ía aproximando chocoume un pouco algunha cousa, un bulto, que penduraba dunha ponla da árbore movéndose manseniñamente, inda que sen concerto. Seguín adiante, máis a modo... Xa podía ver ben os perfís daquela cousa. Pero non quixen dar creto, así de sócato, sen máis, ós avisos do espanto, e seguín a sorrir, cunha sursisa de careta, mentres no meu maxín buscaba aínda as voltas que me desen folgos. Certo que aquela cousa pendurada da árbore era unha perna humana... Pero, sen dúbida, finxida. O home debía de se-lo mestre e o neno o discípulo. O ensino a ceo descuberto. ¡Moi ben! Non podía ser doutro xeito no ano 11.926.

Mais non. Non había volta. O home e o neno comían a fartar, chantando o seu dentamio, sañento e larpeiro, nos anacos que

rebandaban da perna sanguíñenta. Quedeime entalecido, inmóbil, ollando babilamente, a poucos pasos, como se fartaban.

De súpeto ergueron os ollos e víronme. Deixaron cae-las talladas e romperon a berros que non entendín. Unha evidencia nova e simple mostróuseme nun relampo: no termo de dez mil anos a evolución das linguas facía inverosímil que me puidese entender con homes daquela caste. E coidei que o mellor era fuxir.

Baixo o negror daquel fracaso ;como se replantexaron no meu espírito as cuestións máis fondas! O ben e o mal, o heroísmo, a santidad, a sabiduría, Deus... Non había tempo de escismar.

Corrín deixándome levar pola pendente do outeiro. Atrás de min non eran dous os que viñan. Era unha grea abrouxadora que garulaba furiosa, quen sabe en que xerga, e guindaba pedras a rolos para que me acadasen. ¡Como chorarían as estrelas cando, pola noite visen o meu corpo esmaguzado! A choutos, a rolos, a tombos e sempre perseguido, corrín moito mal camiño, mesmo ata a beira do mar, agora témero e impreciso na sombra do anoitecer.

Dunha banda o home degradado, e da outra o mar de sempre. Coas bágoas nos ollos non sei se de pena, de medo ou de carraxe, saquei a pistola e fixen dous disparos.

Ía face-lo terceiro, cando a terceira aldaboadá conmoveu a casa... e espertei. Espertei de vez, aterecido. Un fío de luz mollada entraba pola fenda das xanelas.

Nas lousas da rúa, o compás duns zocos e o pregón de tódalas mañás:

¡Quen merca o leite!

Tristeiro, confortante e raro...

18. O drama do cabalo de axedrez

Enche a escena o taboeiro de axedrez baixo un ceo de estrelas e de lúa grande, medio encuberta ás veces polo paso dun escuro nubeiro. Ó se ergue-lo pano veranse tódalas pezas, cada unha no seu sitio, non sendo o Cabalo Branco de Rei.

O REI PRETO. ¿Estades todos?

Un PEÓN PRETO, *moi tesíño no seu posto*. Estamos, si, señor.

O REI BRANCO. ¿Estades todos?

O ALFIL BRANCO DE REI, *despois dun silencio, e vendo que ninguén se adianta a falar*. Aquí falta un... O Cabalo da miña banda.

O REI BRANCO. ¡Ese Cabalo, ese Cabalo!... ¡Sempre ha de pasa-lo mesmo! E agora, nin que quixese complicar máis aínda as falas das estrelas, facéndose el o agoirento...

Un PEÓN BRANCO, *lareto e espilido*. ¿Quere que eu vaia buscalo?

Os OUTROS PEÓNS BRANCOS, *a se riren con bulla*. ¡O valente! ¡Que vaia logo! ¡Vaille dar unha dentada!...

O ALFIL BRANCO. ¡Tanta garula! ¡Que se calen eses rapaces! (*Ó Rei, alongando o pescozo*): Paréceme que aí vén.

O PEÓN ESPILIDO. Si, rapaces, rapaciños... ¿E quen vai diante? ¿E quen é o primeiro que se deixa engulipar? Tanta garula... ¡Tanta fachenda, digo eu! Despois, na caixa, todos somos uns.

O ALFIL. ¡Coidado! ¡Velaí vén xa!

Baixo o pulo da sombra que o trae ó seu destino, chega o Cabalo Branco de Rei, con algúns desvíos remolóns, e nun deles derruba ó Peón falador.

O PEÓN. ¡A modo! (*Érguese indignado*).

O REI BRANCO, *ó Cabalo*. ¡Sempre has de se-lo mesmo! ¿Por que diaños tardabas tanto en vir? (*O Cabalo péchase en si*). ¿Pódese saber, señor Cabalo, por que non responde ás preguntas que se lle fan? ¡Que lle fago eu!

O ALFIL BRANCO, *intervindo diplomático e con media mofa*. Disque non quere ser Cabalo... Que quere ser Alfil.

O CABALO BRANCO, *estoupa*. ¡Iso é todo o que cabe nunha cachola de Alfil, apirucada e esguellada! ¿Quen me oíu a min dicir nin en soños cousa tan cativa? (*Cunha risada de supercabalo*): ¡Alfil eu!

O REI BRANCO, *impoñente e sorrinte, cunha amizosa ollada para o Alfil e un conciliador caer de pálpebras adicado ó Cabalo*. Cálese vostede, señor Alfil, e deixe dicir ó señor Cabalo o que el sabe mellor que ninguén.

O CABALO BRANCO. Eu non quero ser Cabalo, Cabalo e nada máis que Cabalo, pero tampouco non quero ser Alfil, nin Peón, nin Torre, nin Rerr... (*Detense a tempo baixo os ollos acesos e agraviados do Rei e da Raíña e, en troques de dicir «nin Rei», finxe un tosido e segue*): Eu quero ser algo que sexa a un tempo Cabalo e Alfil e Peón e Torre e...

O REI BRANCO, *de novo picado*. ¿E Rei? ¡Fala! ¿E Rei?

O ALFIL BRANCO, *medio por salvar ó Cabalo do compromiso, medio por se chufar del.* Non, el non ía dicir semellante cousa, Maxestade. Ía dicir... Xogador das Brancas, ¿non si?

A RAÍÑA, *de súpeto.* ¡Xogador das Brancas! ¡Xa non hai respecto nin para o Xogador das Brancas! (*Ergue os ollos ó ceo, no que se enredan os agoiros.*)

O CABALO BRANCO, *xa no pendor das confesións ousadas.* ¡Pois si! ¡Xogador das Brancas tamén!

O REI. Non se lle entende; quen sabe onde andou.

A RAÍÑA. Ou en que compañías... (*Ó Cabalo da súa banda*):
¿Ti non serás coma teu irmán?

O CABALO BRANCO DE RAÍÑA. Non, señora, non, o mesmo pau, a mesma feitura, e non lle entendo.

A RAÍÑA. Fas ben. Eu tampouco. E non obstante, sen min todo vai costa abaixo.

Óese o frémito impaciente do Rei Preto.

O REI PRETO. ¡E logo! ¿Saen ou non saen?

OS PRETIÑOS. ¡Vinde para acó, louridos! (*Aturuxan.*)

OS BRANQUINHOS. ¡Alá imos, tizóns! (*Aturuxan.*)

O REI BRANCO. Abonda xa. ¡Silencio! Adiante ese Peón.
¡Olo! ¡Soamente un paso!

O PEÓN. ¿Mudáronse os costumes? ¿Non eran sempre dous?

O REI BRANCO. ¡Un, estou dicindo! Así, moi ben.

O PEÓN. É boa moda. O pretiño de alá está a cavilar... ¡Tamén deu un pasiño! Axiña aprendeches, túzaro.

O REI. Cala, besbello. Agora ti, seu curmán, adiante. Dous pasos e firme, sen medo ó fendeángulos que xa che vén buscando as voltas. Ti, Cabalo metafísico, un chouto cara á banda da Torre. Que a de alá non recee o que matinas. ¡Defendédeme ben! ¡Ánimo todos! ¡Cada un ó seu!

Seguen as ordes e as arengas.

O ALFIL DE REI, *á Torre*. O Cabalo coida que soamente na súa cachola caben esas cousas. Eu tamén... ¡Se vises que envexa me dá o teu sino. Iso de ir por unha ancha estrada sen teres que te escabulir, coma min, por esa reganduxa das esquinas...

A TORRE. E se soubeses ti que envexa me dá esa falarica con que fendes dende lonxe...

O ALFIL. E a min as túas anchas costas...

Un PEÓN QUE ESCOITA. Pois eu sentín unha vez sobre min as anchas costas da Torre con tanto peso que coidei que eran miñas.

A TORRE. ¿Sabedes que é certo? Tamén eu teño sentido o escarabellar do Alfil da outra banda con tanta sobreteima que cheguei a coidar que a súa falarica era miña dalgún xeito.

O PEÓN. E unha vez, lémbrome, sentía pasar por min tantos camiños que, canto máis Peón era, máis coidaba ser eu soíño todo o xogo.

OUTRO PEÓN. ¡Tantos camiños!... Polo que levas vaste ensarillar. Aquí chaman por ti.

O PRIMEIRO. Alá vou.

O ALFIL. ¡Ser un todo o Xogo! Quizais non estivese mal... ¡Se eu fose todo o Xogo, que xogo alfilino, alfilinísimo sería! ¡Zis, zas... zis! Mate. Acabouse.

De súpeto hai un aglaiado rosmar de moitas pezas. As ordes trúncanse, tatexan. Encóbrese a lúa. Escuridade.

O REI, *dende o cumio do rebumbio*. ¡Quedos! Ninguén se mova de onde está. ¡Os faros! ¡Listo, listo! (*A unha Torre adormiñada*): ¡Que! ¿Non me estás oíndo?

A TORRE. Tanto tempo esquecida, inmóbil, botei un soniño. (*Sacando, aceso, o seu farol e esculcando ó lonxe*): ¿Por onde vai o Xogo? ¿Que vai pasar? ¿Que pasa?

O ALFIL, *alongando o pescozo*. Agora, ren. É o fin.

O PEÓN ESPILIDO. ¡ O Cabalo de Rei galgou de súpeto pola súa conta e foi morrer ó pé da Raíña Preta! ¡Para min que se suicidou!...

A RAIÑA BRANCA, *Á Torre, que aínda sostén a luz por alto, coma un faro. Agora xa non fai falta que alumees. ¡Se cada un se contentase con se-lo que é, como eu me contento con se-la Raíña Branca!*

A TORRE, mentres apaga e garda o seu farol. Así é, así é... Seica vou botar outro soniño.

Vaise esvaíndo e mergullando nun silencio estantío o marmular das pezas, e todas fican tesas e caladas, mesmo coma se fosen de madeira. Segundo se vai descubrindo a lúa, marela agora e amuada, cae o pano.

19. Un conto de reis

¡Un conto de Reis!... Camiñando sen rumbo — na miña orella aínda a súpeta encomenda que, ó me topar na rúa, acabara de me face-lo Director do meu xornal (eu traballaba daquela nun xornal) — fun dar, anda que anda, levado polos meus pasos distraídos, a unha media praciña, alá nos confins do porto vello, que naquel intre estaba a ollar con tódalas súas xanelas medoñentas cara ás revoltas longanías do mar invernizo. Alí nos baixos dunha casa esguía, había unha pequena taberna. Entrei, senteime diante dunha mesiña verde e pedín viño. Noutra mesiña igual estaba un mariñeiro ou o que fose, contemplando o seu vaso. Fóra do taberneiro, moi corpudo e calado, non había outra xente.

Ollei o reloxo: as cinco da tarde. Había tempo... Púxenme a cavilar en moitas cousas, e só de vez en cando naquel conto de Reis que me pedira o Director. «Para nenos e grandes ¿eh?» — dixera el, pensando máis que no misterio da fantasía e das idades, en moitos peixes, grandes e pequenos, a rebulir na mesma rede... E xa me esquecera do outro, do veciño, que estaba alí a cavilar tamén, na outra mesiña verde, cando lle oín dicir como quen fai que fala consigo e, ó mesmo tempo, procura compañía:

— Patrón de costa... ¡Labrego, se soubese labrar!... Xa lle pode un dicir: coidado, que por aí hai pedras... Surrí coa súa cara de cachopo, e zas, alá se vai dereito e cheo de razón co pobre patache contra as pedras. É un barco duro, que se non...

— Hainos teimosos — dixen eu.

— Coidan que se fan caso a un mariñeiro, xa non son patróns — sentenciou —, aínda que un fale con bos modos e sabendo o que di.

Ensumiuse un intre, e antes de que eu fixese outro comento xa estaba el a marmular:

— Non, como o señor Melchor non hei de topar outro. ¡Era outra vida! ¡Era outra cortesía! A culpa tena un, por se deixar levar das súas arroutadas, coidando que por ter mans, mans fortes, o mesmo pode estar aquí que acolá...

— Entón, ¿que? ¿Tivo con el, parece, algún tropezo?

— ¿Co señor Melchor?

Riuse, aglaiado, coma se eu acabase de dicir unha gran parvada.

— ¡O meu señor Melchor! Endexamais tiña para ninguén unha mala palabra. Pero hai tamén que eu, saiba Deus por que, era o seu preferido. ¡Cousas, o aquel das persoas, a simpatía, que sei eu!... Estouno vendo. Alto, non máis da conta. Dereito sen tesura. Ben feito, serio, natural, e non como o vin pintado unha vez, que morría eu coa risa... E os ollos mansos, mansos, imponentes.

E quedouse coa vista fixa nas luces do solpor que facía o viño dentro do seu vaso. Por falar algo, xa que me pareceu que iso era o que el quería preguntear:

— ¿E de que traballaba vostede alá... con el?

— ¡De tantas cousas! Había que mercar, carrexar, escoller, limpar, empacotar... Axudantes había de abondo, pero eu traballaba por sete, e ó mesmo tempo viña sendo o caporal, coma se dixesemos. Polo demais en chegando estes días non lle gustaba

levar moita xente ó rabo. Eu, tres ou catro axudantes dos bos, o intérprete, o estreleiro...

Aquí saltei eu:

— ¿Como o estreleiro? ¿Quizais o que outros chaman un astrónomo?

— Xa sei o que di... Un deses que fan os zaragozanos portugueses que andan a pregoar nas feiras... Non, estreleiro é outra cousa. É o que entende, digamos, ás estrelas, como outros poden entender ós paxaros. ¡Que ben sabía ler este home no ceo estrelecido! En prosa, en verso, con música, sen ela... ¡Sempre me hei de lembrar daquela noite! Ollando cara ás Tres Mariás rompeu a cantar mesmo coma se tivese o atril diante coa solfa. E de súpeto o ceo respondeu. Encomenzou a cantar tamén; e acompañouno o mar coas súas ondas a romperen na beira, e o vento con rafegas roucas que facían os baixos. E calou el, e calou o vento e quedáronse as ondas. E el estaba sereo, aínda que aquilo máis fose cousa de tremer. Eu dígolle que case non podía ollar ó señor Melchor, que estaba alí... ¡Botando luz de si coma un verme de luz, ou coma o mar cando hai ardora! ¡Que regalía, mais tamén que arrepío, aquelas grandes barbas a tremelucir, e mais se nese intre viña o vento a remixelas no medio da noite!

Calou e, no seu enlevo, semellaba esquecido de min. Ó cabo dixo:

— Certamente hai cousas que un non remata de entender.

— Non — dixen eu, moi convencido de estar ó cabo dos seus pensamentos.

— ¿Caberalle a vostede na cabeza — seguiu — que sendo o señor Melchor quen é, leve con el a un home coma ese diaño do intérprete? Dende logo el sábelle tódolos idiomas, mortos ou vivos, e coido que ata os por naceren. Dentro de dous mil anos, diche de repente, falarase así e asá. Pataca dirase piteiga, e non sei que

cousas... No seu non digo que non valla. Pero presume moito, e pensa que sen el non anda o mundo.

— E... ¡Hai que ter paciencia!

— Eu non a tiven. A arroutada foi miña, ben o sei. ¡Pero tamén, o individuo!... Dun xeito ou doutro, el foi o causante de que eu perdese de vista ó rei Melchor.

— ¿O rei Melchor? — berrei eu, como saíndo dun soño, e facendo perigra-la mesiña verde co pulo da miña sorpresa —. ¿Fala do rei Melchor? Quero dicir... ¿do rei Melchor?


— ¡Si, si, do mesmo! — dixo moi ledamente —. ¿Vostede coñéceo?

Tiven que confesar que non, acenando coa testa, pois perdera a fala. Ollei cara ó taberneiro e vin que estaba moi tranquilo, quedo coma unha estatua xunto ó mostrador, e moi alleo, ó parecer, á nosa conversa.

— Pois o caso foi — dicía agora o rexo caporal de Melchor — que mentres aquel santiño de rei estaba con nós, pouco se me daba a min da fachenda do intérprete. Ora, un día o santiño foi facer xunta en soedade, alá nun ermo tremendísimo, co Gaspar e o Baltasar — que eu, se hei de dici-la verdade, endexamais os vin máis que de noite; e, estando alá, pasaban días... E sen aquela luz eu non era o de sempre. Sufrido, si, no traballo, mais xa non para outras cousas. E como eu tiña moitos traballadores ó meu tino, e de distintas terras e de moitas falas, déuselle ó diaño do intérprete por me facer alí un babel, atrapallando as ordes, trabucando os recados e os mandados, cativo xeito de mostrar que sen el nada marchaba ben, e que era capaz de vira-lo mundo do revés. ¡O revés estiven por llo dar eu, e ben plantado, naquelas fazulas acendidas e cheas, de rapaciña nova, que el tiña. E como non o fixen, botouse a rir. E como se botou a rir, sentín no peito un lume malo... E como nese intre eu tiña un fardo moi pesado ó lombo, guindeille o fardo enriba e marcheime. Alí quedou

a espernexas debaixo do fardo. Marchei e perdinme, ando perdido... Xa fixen moitas viaxes, traballando de todo, de fogoeiro, estibador, gavieiro, o que veña, e nada, non dou cos camiños... ¡Se tan sequera soubese daquel ermo! Alí agardaría, e alí me tiñan de topar, aínda que fose feito un esqueleto...

De súpeto calou. Un mozo lanzal e descarado acabara de entrar na taberna. Levaba un bombín amarelo e un bastonciño negro con puño que parecía ser de ouro e ter engastada unha esmeralda. Pediu unha copa do fino, bebeuna, pagou, deu — coma por chiste — unhas vertixinosas boas noites políglotas, en dez ou doce idiomas, e saíu.



O meu caporal púxose branco. Rematou o vaso, pousouno rudamente na mesa, e saíu sen dicir unha palabra. Eu fun atrás

del e vin que ía seguindo ó mozo lanzal e descarado. Seguinos ós dous, e aquela camiñada facíase cada vez máis rápida e labiríntica. Alixeirou máis o paso o de bombín, e o mariñeiro decidiuse entón a correr atrás del pesadamente. Ía coma un penedo monte abaixo e berraba:

— ¡Agarda, ou guíndoche unha pedra que te fendo!
 ¡Fachendisco, larpeiro, enredante! Agarda, home, que non che fago mal... ¿Onde está? ¿Onde estades? ¡Dimo ou lévame! Se non mo dis, un día ou outro hache de pesar. ¡Agarda! ¡Hache de pesar!
 ¡Agarda, agarda!

Era un brado que parecía un salouco.

Á volta de dúas ou tres esquinas máis, perdinos de vista. Era xa anoitecido, a hora en que os rapaciños empezaban a po-los seus zapatos nos balcóns.

Encamiñeime á redacción moi preocupado.

— ¿E o conto de Reis? — preguntoume o Director.

— Pois mire, non se me ocorreu ningún. Fareille outra cousa.

Vede que tolería, o que é a imaxinación atordoada e enfuscada. Remataba de falar nada menos que cun mariñeiro que fora servidor de Melchor, e non topaba asunto para un conto de Reis. Agora penso que a culpa foi do Director. O que eu non podía facer era o seu conto, o que lle vin pintado na sorriso cando tan ledamente mo pediu.

¡Así son as cousas, velá!

20. **De como veu a Rianxo unha balea**

Cando eu era rapazote (non quero bota-la conta dos anos que van alá) chegou un día a Rianxo, paréceme que ás dez e media da mañá, unha balea. Algúns, para lle restar mérito á nosa vila, din que era unha balea moi pequena, unha criaturiña de balea. Faladurías, envexa, non saben o que din. Eu non digo que fose coma un consistorio a aboiar pola ría, non son tan argalleiro; pero a eslora dun patache poida que a tivese ben, e aquí entre vós hai outros que a viron e poden dar razón. E os que non a viron que pechen a boca.

Non sería doado saber quen foi o primeiro en avistala. Véxome correndo en grea con outros rapaces, todos a berrar, camiño dos altos de Tanxil, e alí na mesma crista do barranco velái que estaban xa os carabineiros a dispara-las súas escopetas. A verdade sexa dita, nós non lles tiñamos moito respecto a estes bos homes. Nun tempo, cando non os había, a xente marmulaba:

— Estamos aquí no cabo do mundo. Ninguén nos da creto. Unha vila coma Rianxo ben podía ter carabineiros, se houberse quen mirase por nós.

Ó fin esa mellora conseguírase, quizais nun intre en que sobaban. Fose polo que fose, o caso é que os houbo, e que o peirao, cun daqueles ergueitos uniformes na punta, na hora en que viñan as lanchas motoras do mercado, era coma un peirao novo cunha farola nova, aínda que houberse que atinar ben onde se poñían os pés. Ó comenzo facían moi ben o seu papel, e a fantasía dos rapaces encheuse de contos de contrabandistas. Mais despois, non sendo nas procesións, cando se aviaban de gala e ían tan seriosos coa man enluvada de branco no peito, marcando o paso atrás das andias, non se lles vía máis que de palique nas zapaterías, buscando remedio ó seu aburrimiento; a non se-lo cabo, que se aburría máis polo fino alternando coa xente da botica. Semellaban carabineiros retirados. E algunha xente de ideas avanzadas chegou a dicir que os dese ramo, aínda que menos tesos ou foscos que os civís, eran uns vagamundos, e que non valía a pena mantelos por uns macillos máis ou menos que puidesen pasar de matute.

Si, mais aquel día... Foi coma no caso deses tenores que hai moito tempo que non cantan, e un día cantan e a igrexa vírase catedral. Si, o que sabe, sabe, o que canta, canta, un tenor sempre é un tenor... E calquera daqueles catro veteranos, a afitaren sen presa, con estilo, ó xeito militar — non como o xastre ou o notario cando andaban nas touzas do monte a escorrentar lebres —, poñían ben á vista dos alí presentes o que é ter escola.

Algúns rapaces tiveron a moito honor recolle-los casquillos para asubiar e dicir ós outros que non estiveran alí:

— ¿Velo? ¡É de fusil!

Agora, o que non sei de certo é se lle deron á balea ou non. Supoño que si, pero ela non debeu de sentir nin sequera as cóchegas.

Os entendidos din que viña perdida, que entrou pola boca da ría coma nunha gaiola, e que de moito dar voltas sen topar saída, foi dar alí sen folgos, deixouse estar un intre, e como eran as mareas vivas e moito o seu calado, foise un pouco o mar e varou. Eu moito non entendo, mais tamén coido que debeu de ser así.

Nisto que chegan lanchas, todas a remo para non ter que busca-las voltas ó vento na punta de Fincheira, e que se poñen arredor do lombo da balea, onde esmorecían as ondas como nas beiras dunha insua.

Houbo moito rebumbio entre os mariñeiros sobre do que conviña. Alí estaba tamén o Contramestre, e para semellar máis entendido abaneaba a testa, surría e erguía os ollos, mais non pasaba de dicir, sen comprometer consello:

— Así non fas nada, home. Estás perdendo o tempo. Facede a cousa con orde.

Con orde, está moi ben. O que pasaba era que non se sabía que cousa era a que había que facer con orde. Botáronlle un rizón, pero o rizón escorregaba e non prendía. Empuxaron con remos, non sei ben para que, e recuaban as lanchas, desatracando dela coma dun trasatlántico. Fixéronse enliadas maniobras, con moitos berros e xuramentos, para lle pasar un cabo arredor, pero alguén dixo que aquilo era como querer levar preso cun fío a Oitentenove (o Hércules da vila), e tiña razón. As mociñas que foran chegando ó areal fartábanse de rir e de xogar coa escuma.

Eu estaba nunha lancha desas que chaman burriños. Non sei se fun deica alí nunha gamela ou descalzándome e pasando por algún bote medio varado que me servise de ponte. O certo é que estiven no sitio máis arriscado, como axiña veredes, porque ó

patrón do burro entroulle a teima de mata-la balea cunha machada que sacou de so a tilla, e encomenzou a ferila no couce con toda a súa forza. Poida que non fose tan descamiñado no seu pensamento como nos parecía a todos. Nunca cavilei nisto, e agora decátome de que quizas quería averiala no timón. O coiro era duro, mais ó fin as ondas por aquela banda íanse virando encarnadas, e a balea deu algunhas mostras de non se sentir moi agasallada co tratamento.

— ¿Con que che doe, eh?...

De súpeto (eu supoño que estaría enchendo o mar, e que a balea encontrou folgo por debaixo de si para se remexer), de súpeto pensei que afogabamos todos, solagados na foula da súa maniobra. E agora por moito que corran as verbas non chegan a tempo, porque estaban tódalas lanchas a bailar, cada unha ó seu modo, e non acabara aínda de se poñer dereito o burriño despois de coller auga por banda, cando os meus ollos, seguindo o pulo dun estrondo fuxinte que fendía as ondas, viron ó lonxe o chafarís brillante con que a balea saudaba ós ámpitos da súa liberdade, do seu grande mar.

Agora para remata-lo conto direivos que non topou as portas do seu grande mar, e foi morrer a Vilanova. Vin despois o seu esqueleto, enorme e sanguiñado, do que se podería ben facer un bo navío. E vin as cubas en que foran botando o seu mesto saín, e a cinza das fogueiras en que se derretera... E sentín, xa unha milla antes de chegar ó campo do seu sacrificio, o cheiro arrepiante dos seus restos. Na miña admiranza de rapaz ningunha desas cousas estorba ás demais. Da lembranza de todas elas, e como presidíndoa, poderíase erguer un xurdio mastro, cun longo galardete a tremelar no tope, un revoltó aulear de trompetas, un témero espantallo acenando a longanas ondas escintilantes... Mais de improviso, agora, sinto soamente como na miña gorxa se insinúa este laio: ¡Criaturiña!

Discutiuse despois, por algún tempo, sobre de se era xusto que Vilanova fose dona da balea sen dar parte a Rianxo. Pero eu dígovos que nós tivémo-la parte máis fermosa.

O mestre, que foi un dos máis asisados e mellores que houbo na nosa vila, escribiu unha «Rápida» nun xornaliño de Vilagarcía dicindo que os de Rianxo perderámo-la balea por falta de cultura e de unión. Será certo. Eu non sei que pensar. A unión sempre é boa. Porén, os de Vilanova non tiñan máis unión, e coido que tampouco máis cultura ca nós, e, de tódolos xeitos, velái, apañaron o premio. E ben; que lles aproveite.

Rafael Dieste

Rafael Dieste naceu en Rianxo no 1899. Aos dezaseis anos emigra a México para voltar axiña a Galiza. Traballa no xornalismo en Vigo, publica a súa obra en galego e, durante a Guerra Civil, colabora nas revistas da zona republicana (*Hora de España, El mono azul...*)

Rematado o conflito, exíliase en Arxentina. A partir do 1950 exerce a docencia na Universidade de Cambridge e no Instituto Tecnolóxico de Monterrey (México). Tras unha nova e breve estancia en Buenos Aires, regresa a Galicia no 1961. No 1970 publica o seu discurso de ingreso na RAG, *A vontade de estilo na fala popular*, onde expón as bases lingüístico-estilísticas da súa creación: achegamento á lingua popular depurándoa de castelanismos. Morreu no seu Rianxo natal no 1981.

Dos arquivos do trasno

Dos arquivos do trasno, libro publicado no 1926, contiña inicialmente un total de oito relatos; dende a segunda edición, no 1961, Dieste ampliou o número a vinte. O libro ábrese cunha introdución que condensa unha moderna teoría do conto exposta en forma de proverbios. Dous son os principios que a gobernan: unidade emotiva e remate esencial. O eixo temático da narrativa de Dieste xira arredor da psicoloxía e das experiencias extraordinarias da xente galega.

A psicoloxía

Dieste retrata en historias diferentes a psicoloxía da xente galega, por medio do seu comportamento e reaccións: o carácter inxel e bonanzoso (Pampín, Estreliña); o espírito emprendedor e nostáxico (os emigrantes de «O grandor do mundo» e «Na ponte de ferro»); o orgullo e amor propio, que ante as ofensas e as presións configura personalidades obstinadas nos seus principios e fieis a uns valores morais propios (o vello Moreno, Ramires o fogoeiro).

O ambiente mariñeiro e a rexa dignidade dos personaxes, xunto co ritmo (obsesión-suspense-remate sintético) conforman a unidade estética destes contos. En «De como se condenou o Ramires», o protagonista, un indiano moribundo, rexeita a confesión, sobrepoñéndose á teima do crego e ás alucinacións da súa agonía.

As experiencias extraordinarias

Moitos contos de Dieste presentan un verniz máxico e misterioso, pero manténdose sempre dentro da realidade, pois os finais dilúen a insinuación do fantástico deixando aberta a explicación lóxica dos acontecementos (ilusións sensoriais, experiencias oníricas, suxestións...).

Estes relatos de Dieste teñen un final inconcluso e aberto, que deixan a quen le coa incertidume acerca desas experiencias extraordinarias, que non sobrenaturais; por iso os remates sorprenden ao lector, a pesar de estaren latentes ao longo do relato, de acordo cos principios do conto formulados por Dieste.

Algunhas das narracións de *Dos arquivos do trasno* son *cousas* ao xeito das de Castela, se ben Dieste se mantén a unha maior distancia dos asuntos dos seus contos. Neles hai unha filosofía implícita sobre o poder da imaxinación e a natureza misteriosa do ser humano e das cousas. As teses filosóficas, sempre subordinadas á función poética, acadan unha maior relevancia no conto «O drama do cabalo de xadrez», que constitúe unha alegoría sobre o mundo e a vida: a insatisfacción, a frustración, o desexo de poder e de transcendencia...

Dende o punto de vista técnico, Dieste utiliza a técnica do encaixe (inclusión dun conto dentro doutro), a retrospección, a apelación á audiencia, os ambientes tabernarios para dar idea do colectivo galego... Os narradores, que frecuentemente relatan en primeira persoa, utilizan un ton serio e confidencial e o discurso é sinxelo, con parrafeos breves, en consonancia cos ambientes íntimos e humildes dos contos.